

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E ARTEFÍOS, ASOCIACIÓN PARA A INCLUSIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL, PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E DE PREVENCIÓN E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA DESTINADO ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE , NO EXERCICIO 2022

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Xuventude ten previsto formalizar con Artefíos, Asociación para a Inclusión de Persoas con Diversidade Funcional o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2022. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase o Centro ocupacional Artefíos dende o 1 de xaneiro de 2022 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o financiamento o financiamento dos gastos derivados da execución dun programa de promoción da autonomía persoal e de prevención e atención á dependencia destinados ás persoas con discapacidade .

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas orientadas á prevención da situación de dependencia e promoción da autonomía persoal das persoas con discapacidade intelectual, e as súas familias, mediante unha atención integral personalizada.

Conforme ós requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Artefíos presta apoio a persoas de entre 18 e 60 anos, con discapacidade intelectual e con necesidades de apoio límite e intermitente. O obxectivo principal é alcanzar un mellor axuste persoal, social e laboral que favoreza a súa integración na vida comunitaria. A especificade vén determinada pola exclusividade do proxecto deseñado para a súa implantación exclusiva no centro. Por esta razón, Artefíos é a única entidade que, sendo coñecedora das necesidades individualizadas dos usuarios do seu centro e atendendo ás posibilidades de mellora dos mesmos, pode integrar na actividade diaria do dito centro as actuacións dos programas a subvencionar a través deste convenio, o que dificulta a súa convocatoria pública.

Así mesmo, as actuacións a subvencionar a través deste convenio, recollidas na súa cláusula segunda, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, na área específica da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.



Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

